



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

José Martínez Redondo, Secretario-Interventor Accidental do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais

CERTIFICA: Que a **Xunta de Goberno Local**, na **sesión ordinaria** que tivo lugar o día **03 de setembro do 2025**, adoptou entre outros o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo do que resulte da aprobación definitiva da Acta:

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO 2023

1

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres (3) concelleiros presentes, sendo catro (4) o seu número legal de membros, **ACORDA:**

*"Expediente: 2025/E003/000002
Asunto: Modificación da OEP do ano 2023*

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao baseado nos seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos.

Antecedentes Administrativos:

- 1.- Providencia da Alcaldía do 28/11/2023 incoando o expediente administrativo e solicitando a emisión dos informes técnicos oportunos.
- 2.- Informe emitido pola funcionaria encargada do Departamento de nóminas e persoal, do día 05/12/2023 identificando as prazas que deben ser incluídas na OEP do ano 2023.
- 3.- Memoria da Alcaldía do 07/12/2023, identificando as prazas que deben ser incluídas na OEP do ano 2023, e a proposta de criterios xerais da OEP para ser obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación. Unha das prazas incluídas é a seguinte:

Auxiliar Administrativo	4005	1	C2	Vacante.	Vacante. Cuberta en interinidade dende o 12/05/2023	Si
-------------------------	------	---	----	----------	---	----

Os criterios xerais, relativos a esta praza son os seguintes:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Denominación	Auxiliar Administrativo
Código RPT	4005
Natureza	Funcionarial
Número	1
Grupo	C2
OEP	2023
Forma de selección	Concurso-oposición
Titulación esixida	Graduado en ESO (ou equivalente)
Outros requisitos	Ningún
Temario	20 temas

4.- Convocatoria á Mesa Xeral de Negociación, do día 07/12/2023, relativa á aprobación da OEP do ano 2023.

5.- Acta da Mesa Xeral de Negociación, do 12/12/2023, na que se constata que os representantes sindicais amosan a súa conformidade coa proposta da Alcaldía de OEP para o exercicio 2023.

6.- Informe da Secretaría-Intervención núm. 263/2023 do 14/12/2023.

7.- Proposta da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, do día 14/12/2023, de aprobación da OEP do exercicio 2023.

2

8.- Acordo da Xunta de Goberno Local do 18/12/2023 de aprobación da OEP do exercicio 2023.

9.- Anuncio de aprobación da OEP do exercicio 2023, publicado no Taboleiro da sede electrónica o día 18/12/2023.

10.- O acordo de aprobación da OEP foi remitido ao Estado, a través do Portal das EELL, o día 21/12/2023. Do mesmo xeito, foi remitido á Comunidade Autónoma, a través de Eido Local, o día 21/12/2023.

11.- Anuncio de aprobación da OEP do exercicio 2023, publicado no BOP núm. 243 do 22/12/2023.

12.- Sentenza do Tribunal Supremo 1026/2023, do 18/07/2023, que entende vixente o artigo 2 do Real Decreto 896/1991, como norma especial aplicable, aos funcionarios de carreira da Administración Local, polo que o sistema de oposición debe ser o xeral aplicable.

13.- Convocatoria á Mesa Xeral de Negociación, do día 24/06/2025, na que se incluía como punto a tratar a modificación da OEP do exercicio 2023, na aplicación da sentenza do Tribunal Supremo 1026/2023, do 18/07/2023.

14.- Acta da Mesa Xeral de Negociación, do 30/06/2025, na que se fai constar a inasistencia de ningún representante da parte traballadora.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Fundamento Xurídicos:

O Tribunal Supremo, na súa sentenza 1026/2023 do 18/07/2023, entende que está vixente o artigo 2 do Real Decreto 896/1991, como norma especial aplicable aos funcionarios de carreira da Administración Local, polo que o sistema de oposición debe ser o xeral aplicable. O sistema de concurso-oposición só pode empregarse, se resulta o sistema máis axeitado, segundo a natureza das prazas ou das funcións a desempeñar.

Para o Tribunal Supremo, se a regra xeral é a oposición, a utilización do concurso-oposición non é invocable cando o que se oferta é un posto de Auxiliar Administrativo, cuxas funcións non requiren dunha especial relación de méritos ou experiencia.

Á vista do exposto, esta Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas pola Resolución da Alcaldía núm. 375/2023 do 07.07.2023,

ACORDA:

Primeiro: Modificar a Oferta de Emprego Público do exercicio 2023 (aprobada o día 18/12/2023, e publicada no BOP núm. 243 do 22/12/2023) , no tocante á seguinte praza que queda configurada do seguinte xeito:

Denominación /natureza	Nº	Grupo	Escala	Subescala	Quenda	Forma de acceso
Auxiliar Administrativo Funcionario	1	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Libre	Oposición

Segundo: Publicar anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia. Remitir copia deste acordo ao Estado e á Comunidade Autónoma.

Terceiro: Dar conta ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

O Secretario-Interventor Accidental, José Martínez Redondo